



*"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"*

REGULAMENTO AUTONÓMICO DE PERCORRIDOS DE CAZA

I. DEFINICIÓN DO PERCORRIDO DE CAZA

II. ARBITRAXE DAS COMPETICIÓNS

III. ORGANIZACIÓN DAS COMPETICIONES

I. DEFINICIÓN DO PERCORRIDO DE CAZA

Capítulo 1 – Definición do Percorrido de Caza

O Percorrido de Caza é unha disciplina de tiro deportivo, que reproduce as situacións do tiro de caza, practicado cunha arma de caza sobre brancos artificiais.

Esta disciplina emprega tódalas posibilidades do terreo, sobre o cal son lanzados brancos artificiais de diferentes tipos, ao obxecto de valorar as calidades técnicas e deportivas dos participantes. Os trazados dos percorridos reproducen as traxectorias de caza, cunha gran variedade de dificultades. A organización dunha proba de percorridos de caza debe ter en conta a seguridade de tódalas persoas presentes, do mesmo xeito que a protección da vexetación e a xestión do medio ambiente. O tiro sobre animais vivos está totalmente prohibido.

Capítulo 2 – Trazados dos Percorridos de Caza

2.1 Campo de Tiro

Segundo a configuración do terreo, un campo de Percorridos de Caza debe estar equipado cun número suficiente de máquinas lanzapratos, para que os tiradores poidan atopar as condicións de tiro coa caza natural: perdices, patos, faisáns, coellos, etc., en voos rasantes, en batida, carreira, transversais, en plano ou con desniveis, en bosque con ou sen estorbo de árbores ou zonas arbustivas.

2.2 Máquinas Lanzapratos

O equipamento do percorrido será:

Tipo de Percorrido	Numero de máquinas	Composición dos simples e os dobres
Percorrido (antigo sistema)	5 máquinas para 3 postos	15 simples e 5 dobres
Liña de tiro de 4 postos (novo sistema)	3 postos con 4 máquinas e 1 posto (o nº 2 ou o nº 3) con 3 máquinas	15 simples y 5 dobres, con 2 dobres no posto con 3 máquinas
Liñas de tiro de 5 postos (novo sistema)	5 postos con 3 máquinas por posto	15 simples e 5 dobres
Liña de tiro de 3 postos (novo sistema) posible unicamente para os Gran Prix	5 maquinas por posto	15 simples e 5 dobres

As máquinas poden ser manuais, automáticas ou mixtas. Serán IDENTIFICADAS por letras alfabéticas (A, B, C, D, E), partindo da esquerda a indo cara á dereita do posto de tiro.

2.3 Pratos

Os pratos utilizados serán os pratos normais, de coello, de tipo mini, súper-mini, patena, bourdon, flash e hélices. Os pratos deberán ser dunha cor que contraste e destaque claramente coa cor da contorna.

2.4 Postos de Tiro

Os postos de tiro serán cadrados de 1 m de lado ou círculos de 1 m de diámetro.

Na medida do posible, os postos de tiro deben estar planos e, en calquera caso, o tirador debe poder manterse en pé sen escorregar.

Diante do posto de tiro deberá estar colocado o menú, visible polo tirador e sobre o cal figurase, na orde de tiro, a lista das máquinas (exemplo: A, B, C, etc.). O tipo de prato non deberá estar nin indicado nos menús nin anunciado polos árbitros.

2.5 Traxectorias

2.5.1 Os trazados dos percorridos de caza deben respectar a ética e as distancias do tiro de caza, é dicir que:

- Non se pode tirar unha caza demasiado preto, sería inadecuado para o consumo.
- Non se pode tirar máis aló da distancia efectiva dunha escopeta e dun cartucho de caza, co risco de ferir inutilmente un animal.

Sobre todos os pratos simples, debe ser posible tirar dous cartuchos.

A dificultade de tiro das traxectorias será clasificada segundo a seguinte regra:

As porcentaxes indicadas para cada clase corresponden aos resultados dos pratos rotos pola media dos tiradores.

<i>Dificultade</i>	<i>Clase A</i>	<i>Clase B</i>	<i>Clase C</i>
	<i>Más del 80%</i>	<i>Del 60% al 80%</i>	<i>Del 40% al 60%</i>

Sobre cada posto, é recomendado trazar traxectorias variadas, definidas por unha escala de dificultade da clase A á clase C.

- Unha traxectoria clase A
- Dúas traxectorias clase B
- Unha traxectoria clase C

No caso dun posto con 5 pratos simples, o prato engadido pode ser só das clases A ó B.

2.5.2 Os dobres serán obrigatoriamente tirados sobre dous pratos que sexan tirados en simples. Ademais,

- No ó os dobres dun posto, non poderá ser utilizada máis que unha traxectoria clase C, e é aconsellable asociala a un prato clase A.
- Podemos, nun dobre, utilizar dúas traxectorias clase B ó asociada cunha traxectoria clase A.

Capítulo 3 – Regras de Tiro

3.1 Posición de Tiro

3.1.1 O tirador adoptará a posición de pe, preparado para tirar, é dicir, que os dous pés estarán no interior de límite do posto de tiro.

O talón da culata da escopeta tocando o corpo.

Para tódolos tipos de culata, que comprende:


- As culatas estándar,
- As culatas tipo Montecarlo ou outras,
- As culatas equipadas cunha peza móbil ou de todo aquel equipamento que permita reducir a distancia de encare,

O punto da parte máis alta da culata debe, na posición de espera, situarse por baixo da liña horizontal trazada sobre o chaleco do tirador.

Esta liña estará situada a 25 cm. (9,85 polgadas) por baixo do eixe do ombreiro e paralelo a este (ver o esbozo inferior).

O tirador debe gardar esta posición ata a aparición do prato.

3.1.2 O tirador non debe subir a arma ao ombreiro antes da aparición do prato. Para todos os pratos, incluídos os coellos, o tirador debe disparar obrigatoriamente co arma encarada.



3.1.3 Nun dobre ao tiro, simultáneo ou a refacho, a posición da escopeta é libre entre o primeiro e o segundo prato.

3.1.4 Proba das armas:

Baixo ningún pretexto, a proba da arma poderá facerse no posto de tiro. Antes de comezar o seu percorrido, o tirador poderá, se o desexa, comprobar o funcionamento da súa arma nun posto concibido e preparado ao efecto, próximo ás instalacións do Clube.

3.2 Protección Auditivas

Ver capítulo de "Regras de conduta e seguridade", artigo 8.9.

3.3 Lentes de Protección

Ver capítulo de "Regras de conduta e seguridade", artigo 8.10.

Capítulo 4 - Definicións

4.1 Definición do prato simple

Un só prato, de forma variada, é lanzado por unha máquina. Dous cartuchos deben poder ser disparados sobre cada prato simple.

4.2 Definición de dobres

O tirador non terá dereito máis que a 2 cartuchos para cada dobre.

Os dous cartuchos poden ser disparados sobre o mesmo prato.

4.2.1 Dobre ao tiro

Dous pratos son lanzados, por unha ó dúas máquinas, o segundo prato será lanzado cun retardo de 0 a 3 segundos máximo logo de disparar sobre o primeiro prato.

4.2.2 Dobre simultáneo

Dous pratos son lanzados ao mesmo tempo por unha ó dúas máquinas.

Os pratos poden ser tirados en calquera orde.

4.2.3 Dobre a refacho

Os pratos son lanzados pola mesma máquina, na mesma traxectoria, ao ritmo de rearme da máquina.

Os pratos poden ser tirados en calquera orde.

II. ARBITRAXE DAS COMPETICIÓNS

Capítulo 5 Árbitros

5.1 Os árbitros que participan nunha competición internacional comprométense polo seu honor:

- A respectar e facer respectar os regulamentos,
- A dar proba de integridade e de independencia nos seus xuízos,
- A non ter en conta, durante as competicións internacionais, a súa nacionalidade e a súa federación de orixe,
- A colocarse preto do tirador, nun emprazamento que lle permita xulgar nas mellores condicións posibles o cumprimento do regulamento,
- A anunciar as súas decisións de xeito claro e suficientemente forte para que o tirador as entenda,
- A atender as reclamacións dos tiradores de xeito respectuoso, pero sen deixarse influenciar,
- A ter o regulamento deportivo de Percorridos de Caza ao día, polo menos nas linguas oficiais da FITASC.

5.2 Un árbitro debe estar en posesión dunha acreditación de árbitro en vigor, expedida pola súa federación nacional, e, para o xefe de árbitros, unha acreditación de árbitro internacional expedida pola FITASC. O árbitro que non estea en posesión destes documentos só pode ser árbitro auxiliar, salvo que previamente, sexa autorizado polo xurado da competición.

5.3 Os árbitros deben asegurar a orde e o bo facer no posto de tiro. O árbitro continuará arbitrando no seu posto durante os desempates.

5.4 Cando o tirador estea listo para tirar, anunciará ao árbitro "Listo" ou "Pull". O árbitro deberá entón, cun sinal sonoro, transmitir a orde do tirador ao *puller*, no lapso de tempo máis curto posible. O prato deberá ser lanzado polo *puller* entre 0 e 3 segundos despois de que o árbitro lle transmitise a orde.

5.5 O árbitro pode excepcionalmente interromper o tiro, se aparece subitamente unha forte choiva ou unha tormenta violenta, que se estime a priori de curta duración. Se o árbitro estima que esta interrupción se vai prolongar máis do previsto inicialmente, debe entón informar ao Xurado.

5.6 O tirador non ten dereito a rexeitar un prato, agás se non o pediu. Só o árbitro está facultado para xulgar se unha traxectoria é regular ou "NON BIRD".

Capítulo 6 – Arbitrase dos Pratos

6.1 O árbitro toma só as súas decisións.

6.2 Os tiradores dunha escuadra non teñen dereito a intervir ou de manifestar a súa opinión no xuízo dos pratos.

6.3 O prato é declarado «BO»:

Cando sexa lanzado, o tirador lle dispare nunha posición correcta (ver artigo 3.1) e, segundo o regulamento, que polo menos un anaco visible se desprendese del ou se pulverizase en todo ou en parte.

Isto é igualmente válido para os pratos flash.

6.4 O prato é declarado «CERO»:

Todo prato non tirado sen unha razón válida (dobre a refacho ou simultáneo: cero-cero).

Se, logo de ser tirado, non foi tocado e ningún anaco visible se desprende ou se só se desprenderon partículas de po (prato fumeante ou desempoado).

Se, logo dun mal funcionamento da arma, o tirador abre a mesma ou toca a panca de seguro antes de que o árbitro revise a arma.

Ao segundo fallo de funcionamento da arma ou da munición nun mesmo percorrido.

6.5 Pratos declarados «NON BIRD»:

6.5.1 «NON BIRD» debido á arma ou ás municións.

A táboa inferior aplicase no caso do primeiro incidente sobre o mesmo percorrido.

O primeiro incidente dará lugar a unha advertencia e o prato será declarado "NON BIRD".

Despois do primeiro incidente tódolos pratos non tirados polas mesmas razóns da causa do primeiro incidente serán contabilizados como "CERO".

Defectos	Tipos	Acción
Os dous disparos saen ao mesmo tempo	Sobre un prato simple	NON BIRD prato a repetir
	Sobre o primeiro prato dun dobre al tiro	NON BIRD dobre a repetir
	Sobre un dobre simultáneo	NON BIRD dobre a repetir
	Sobre un dobre a refacho	NON BIRD dobre a repetir
Fallo do primeiro disparo (*)	Sobre un prato simple	NON BIRD prato a repetir
	Sobre un dobre al tiro	NON BIRD dobre a repetir
	Sobre un dobre simultáneo	NON BIRD dobre a repetir
	Sobre un dobre a refacho	NON BIRD dobre a repetir
Fallo do segundo disparo	Sobre un prato simple	NON BIRD prato a repetir. Non pode ser rachado máis que polo segundo tiro. Si é rachado polo primeiro tiro será contabilizado como CERO
	Sobre un dobre ao tiro	NON BIRD dobre a repetir. O resultado do primeiro tiro será anotado.
	Sobre un dobre simultáneo	NON BIRD dobre a repetir
	Sobre un dobre en refacho	NON BIRD dobre a repetir

(*) Se o segundo tiro é disparado o resultado será rexistrado BO ou CERO.

6.5.2 «NON BIRD» debido aos pratos.

A táboa inferior aplicácese nos casos seguintes:

- Se o prato se rompe á saída da máquina,
- Se o prato non foi lanzado pola máquina correcta,
- Dous pratos son lanzados no mesmo posto de tiro,
- Un prato é dunha cor ó dun tamaño diferente do previsto,
- Un prato sexa xulgado fóra de traxectoria polo árbitro,
- O prato sexa lanzado con máis de 3 segundos logo de solicitalo o árbitro,
- O tirador non solicite o prato,
- O árbitro xulgue que o tirador sexa visiblemente molestado,
- O árbitro sexa incapaz de xulgar o prato.

Tipos	Acciones
Un prato simple	NON BIRD prato a repetir
Un coello que se rompe despois de errar o primeiro disparo e antes de realizar o segundo	NON BIRD coello a repetir Só pode ser rachado polo segundo disparo, en caso de rompelo co primeiro tiro será contabilizado como CERO
O primeiro prato dun dobre ao tiro	NON BIRD dobre a repetir
Nun dobre ao tiro si o primeiro prato (ó anacos del) rompen o segundo prato antes de que o tirador dispare o segundo tiro	NON BIRD dobre a repetir Anótase o resultado do Primeiro prato
El segundo prato de un dobre al tiro	NON BIRD dobre a repetir Anótase o resultado do primeiro prato
Un prato de un dobre simultáneo	NON BIRD dobre a repetir Ningún resultado a anotar
Un prato de un dobre en refacho	NON BIRD dobre a repetir Ningún resultado a anotar

En tódolos dobres, se os dous pratos son rachados cun só cartucho o resultado será "BO" e "BO".

Capítulo 7 – Armas e Municións

7.1 Definición

Tódalas armas de caza, comprendendo os modelos semiautomáticos (fóra diso as armas de corredía), son admitidas, a condición de que o seu calibre non exceda o calibre 12, e o seu canón teña unha lonxitude mínima de 66 cm. Todo uso de microcámara montada sobre a escopeta está prohibida.

Tódalas armas de tiro, incluso as non cargadas, deberán ser manipuladas coa maior precaución. As escopetas deben ser transportadas en posición aberta; (para as armas semiautomáticas, A RECÁMARA DEBERÁ PERMANECER ABERTA), e co canón apuntando cara arriba ou cara abaixo. Esta prohibido levar correaxes na escopeta.

Cando o tirador non estea utilizando a súa escopeta, deberá colocala verticalmente nun armeiro ou lugar similar previsto para este efecto. O ferrollo das armas semiautomáticas debe estar aberto, así como a báscula das armas superpostas e xustaposta.

7.2 Queda prohibido tocar a escopeta doutro tirador sen a súa autorización.

Dous tiradores da mesma escuadra, non poden, durante o transcurso dunha competición ó dun campionato oficial, utilizar a mesma escopeta.

7.3 Admitirase, excepcionalmente, que en caso de mal funcionamento da súa escopeta, un tirador poida utilizar a arma doutro tirador, co consentimento deste, para finalizar o seu percorrido.

O CAMBIO DE ARMA, ou dunha parte da arma, OBTURADOR MOVIL, CHOQUES REGULABLES ou DE CANÓN, ESTA AUTORIZADO no transcurso dun mesmo percorrido, entre dous postos ó entre os pratos simples e os dobres. En todo caso, o cambio non debe ocasionar ningún atraso.

7.4 Cando o tirador se ache no posto de tiro, xa non terá autorización para efectuar o cambio previsto no artigo precedente.

7.5 O tempo permitido aos tiradores entre dous pratos simples ó dobres non debe exceder de 20 segundos.

No caso de que un tirador superase este tempo, o árbitro logo dunha advertencia, aplicará o artigo 12.2.

7.6 Ao primeiro mal funcionamento da arma constatada polo árbitro, o prato será declarado NON BIRD. Os seguintes fallos sobre un mesmo percorrido serán declarados CERO.

Se a arma é reparada antes de que a serie dese posto non rematase pola súa escuadra, o tirador poderá tirar en último lugar, coa autorización do árbitro. Se a avaría non é reparable, co acordo do árbitro, o tirador terá o dereito de continuar ca súa escuadra, coa condición de conseguir inmediatamente outra arma. (Artigo 7.3)

En caso contrario, o tirador deberá deixar a súa praza e a súa escuadra. O tirador non poderá tirar os pratos restantes que lle falten e terá unha praza libre con outra escuadra na que o xurado lle deu a autorización.

7.7 No caso de que ambos disparos se produzan ao mesmo tempo (dobre descarga), por razón dun fallo da arma, sobre un prato simple ou sobre o primeiro prato dun dobre, este será considerado como NON BIRD, o resultado non será anotado (Ver artigo 6.5).

7.8 A carga dos cartuchos está limitada a 28 gramos, cunha tolerancia de 2%. Os chumbos deben ser de forma esférica e con diámetro regular comprendido en 2 e 2,5 mm.

- O emprego de dispersores ou doutros artificios de carga está estritamente prohibido, do mesmo xeito que o emprego de cartuchos recargados.

- A mestura de dimensións e/ou de calidades de chumbos diferentes está estritamente prohibida.

- O emprego de pólvora negra, do mesmo xeito que de cartuchos trazadores, está prohibido.

7.9 Se nun dobre, os dous pratos son rachados por un só cartucho, serán considerados como "BO e BO".

7.10 O árbitro pode pedir ao tirador, antes de que comece a tirar e no posto de tiro, dous cartuchos para o seu control. O árbitro debe tomar un cartucho do peto dereito e outro do esquerdo do chaleco ou peza de tiro do tirador.

Capítulo 8 – Regras de Conduta e Seguridade

8.1 Se un tirador, pola súa actitude ou o seu comportamento, demostra que perde o control de si mesmo (se tira a súa arma, si é violento cara ao árbitro ou cara a outras persoas, etc.), o árbitro ten a obriga de avisar ao Xurado de Competición o máis rapidamente posible (13.4).

8.2 Un tirador non ten dereito máis que a disparar na súa quenda e soamente cando un prato sexa lanzado.

Está prohibido apuntar ou tirar sobre os pratos doutros.

Está igualmente prohibido apuntar ou tirar á mantenta sobre animais vivos (13.4).

Ningún simulacro de tiro está autorizado sobre traxectorias de pratos ou fóra destas.

Se un tirador efectúa sobre unha traxectoria, antes de pronunciar a palabra LISTO, simulacros de tiro (por exemplo, encarar o seu fusil sobre a liña de traxectoria teórica dos pratos) ou dispara involuntariamente a súa arma, o árbitro daralle unha advertencia ao tirador.

Logo da primeira advertencia, todo simulacro será penalizado cun CERO para o primeiro prato contabilizado bo da serie.

8.3 No momento de ser chamado, o tirador debe estar listo para tirar inmediatamente e debe ter preparada a munición e o equipo necesario para a serie.

En ningún caso o tirador debe entrar no posto de tiro antes de que o tirador precedente o abandonase e lle corresponda a súa quenda de tiro.

8.4 O tirador non debe cargar a súa arma ata que non ocupe o posto de tiro, a arma dirixiraa en dirección ao campo de tiro e soamente cando o árbitro lle de autorización para comezar o tiro.

8.5 As armas semiautomáticas non poden ser cargadas con máis de dous cartuchos.

8.6 O tirador non debe saír do posto de tiro antes de abrir a súa arma e retirados os cartuchos da recámara, sexan disparados ou non.

8.7 Durante a presentación dos pratos ou se hai unha interrupción do tiro, o tirador debe ter a arma aberta e descargada. Non debe pechar a arma antes de que o árbitro lle de a autorización.

8.8 En caso de fallo ou doutro mal funcionamento da arma ou do cartucho, o tirador debe quedarse no seu lugar, a arma dirixida cara ao campo de tiro, sen abrir nin tocar a panca do seguro antes de que o árbitro verifique a arma.

8.9 Proteccións Auditivas

As proteccións auditivas son obrigatorias para o tiradores, os árbitros, o persoal e o público que se atope nas proximidades dun percorrido. Os tiradores que se presenten sen proteccións auditivas no posto de tiro serán considerados como ausentes e aplicaráselles o artigo 16.7. En todos os casos, fóra da sé social, os nenos presentes no campo de tiro deben levar proteccións auditivas.

8.10 Lentes de protección

As lentes protectoras son obrigatorias sen excepción para os tiradores, os árbitros, o persoal e por toda outra persoa que se atope na proximidade inmediata dun posto de tiro. Os tiradores que se presenten sen lentes no posto de tiro serán considerados como ausentes e aplicaráselles o artigo 16.7.

Capítulo 9 – Reclamacións

9.1 É responsabilidade do tirador rachar o prato nun lugar visible e enxuiciable polo árbitro.

9.2 Se o árbitro estima que un prato foi tirado detrás dun obstáculo natural ou detrás dun límite de tiro, ningunha contestación que contradiga a decisión do árbitro será admitida.

9.3 En ningún caso o tirador será autorizado a abandonar o seu posto ou a recoller un prato para verificar se foi tocado.

9.4 Solicitando o prato seguinte, o tirador acepta a decisión do árbitro sobre o prato precedente.

9.5 Se o tirador está en desacordo coa decisión do árbitro, a reclamación debe ser feita inmediatamente, sobre o posto de tiro, levantando o brazo e dicindo "RECLAMACIÓN, "PROTESTA" ou "APELACIÓN".

O árbitro debe entón interromper o tiro.

O tirador debe expresar os motivos do seu reclamación.

9.5.1 Se o árbitro, na súa conciencia, está seguro do seu axuizamento, confirmará inmediatamente a súa decisión, a cal farase executoria, sen posibilidade de recurso (artigos 10.1 e 10.2).

9.5.2 Se o árbitro ten algunha dúbida sobre a súa decisión, o árbitro pode, antes da resolución definitiva, consultar a título informativo:

- A outro árbitro presente no lugar,
- A un *puller*,
- A tiradores pertencentes á mesma escuadra.

O árbitro non está obrigado a seguir os ditames que se lle emiten.

9.5.3 Logo desta consulta, o árbitro dará a coñecer a súa decisión definitiva. Esta non será cuestionable e impoñerá ao tirador (ver artigos 10.1 e 10.2).

9.6 Por outro motivo, como unha traxectoria xulgada BOA ou NON BIRD ou un prato xulgado BO ou CERO, o tirador poderá recorrer a decisión do árbitro ante o Xurado.

9.7 Para recorrer a decisión do árbitro, o tirador debe dirixir por escrito unha protesta ao Xurado, acompañado do depósito dunha fianza correspondente ao 40% do prezo da inscrición.

9.8 Se o Xurado dá a razón ao demandante, a cantidade será restituída ao tirador. En caso contrario, esta cantidade será remitida polo Presidente da Federación a unha obra benéfica.

Se o Xurado estima que a protesta está xustificada, pero por un motivo distinto daqueles alegados no artigo 9.6, o pode dar instrucións ao árbitro con obxecto de que este modifique as súas apreciacións. Igualmente pode nomear un novo árbitro ou modificar a decisión do árbitro (artigo 9.6)

Capítulo 10 – Negativa a Obedecer

10.1 Unha vez pronunciada a decisión definitiva do árbitro, o tirador debe renovar o tiro cun atraso máximo de 20 segundos.

10.2 En caso contrario, a súa actitude considerarase como unha negativa a obedecer e, por ese motivo, é susceptible das sancións tipificadas no capítulo 13.

10.3 Se o árbitro considera que o tirador atrasa voluntariamente o tiro, ou que actúa dun xeito manifestamente desleal, a súa actitude poderá ser considerada como unha negativa a obedecer.

Capítulo 11 – Tentativa de Influencia

11.1 Hai tentativa de influencia cando:

11.1.1 Un tirador, malia renovar o tiro, continúa protestando, pola súa actitude ou as súas palabras, a decisión definitiva do árbitro.

11.1.2 Un tirador contesta ostensiblemente as decisións do árbitro.

11.1.3 Os tiradores presentes manifestan ostensiblemente a súa opinión ou a súa crítica dunha decisión, sen ser autorizados polo árbitro.

Capítulo 12 – Advertencias

12.1 Se o tirador se coloca en posición irregular, é dicir, non conforme ao descrito no artigo 3.1 do presente regulamento, ou si encara a súa arma antes da aparición do prato, recibirá unha advertencia verbal, confirmado cunha tarxeta amarela do árbitro.

12.2 Logo da primeira advertencia, para todo outro incumprimento sobre o mesmo percorrido, o árbitro mostraralle unha tarxeta vermella e os pratos serán computados como:

- CERO para un prato simple,
- CERO e NON BIRD para un dobre ao tiro,
- CERO e CERO para un dobre simultáneo,
- CERO e CERO para un dobre a refacho.

12.3 Un prato declarado NON BIRD polo árbitro non poderá, baixo ningún pretexto, ser tirado. Se, logo dunha primeira advertencia, o tirador infrinxe de novo esta regra, será penalizado con:

- CERO para un prato simple,
- CERO e NON BIRD para un dobre ao tiro,
- CERO e CERO para un dobre simultáneo,
- CERO e CERO para un dobre a refacho.

Capítulo 13 – Penalizacións

13.1 Tódolos tiradores participantes nunha competición aceptan integramente os regulamentos da FITASC e declaran coñecer o presente regulamento de Percorridos de Caza. Todo o que tome parte nas competicións acepta asumir as sancións e outras consecuencias que resultaran da violación dos regulamentos ou do incumprimento das ordes ou as decisións dos árbitros.

13.2 A violación dun artigo do regulamento dará lugar a unha advertencia, polo árbitro ou polo Xurado.

13.3 En caso de reincidencia ou en caso de negativa a obedecer ou de tentativa de influencia, o Xurado poderá condenar ao tirador:

- Á perda dun prato.
- Á perda dunha serie de 25 pratos.
- Á exclusión da competición.

13.4 Por informe do árbitro, o Xurado poderá excluír inmediatamente da competición ao/s tiradores que perdan o control deles mesmos, se neguen a obedecer e/ou teñan tentativa de influencia ou de tirar voluntariamente sobre animais vivos.

13.5 Toda exclusión tipificada no artigo 13.4 será transmitida á Federación de orixe do tirador e á sé da FITASC quen o terá arquivado, durante un período de 5 anos.

13.6 Unha segunda exclusión, no lapso de tempo de 3 anos, poderá dar lugar, por decisión exclusiva do Comité de Dirección da FITASC, a unha exclusión definitiva de participación en toda competición organizada baixo o auspicio da FITASC.

13.7 En ningún caso, a exclusión dun tirador poderá dar lugar a un reembolso ou unha compensación económica.

Capítulo 14 – Folla de Puntuación

14.1 A folla de puntuación será levada polo árbitro pu, baixo a súa responsabilidade, por un tirador designado por el. Cada árbitro disporá dun bolígrafo de cor diferente no mesmo percorrido ou sobre a mesma liña.

14.2 Non serán contabilizados na folla de puntuación (ver copia achega) máis que os pratos declarados CERO. Cada prato declarado CERO será inscrito en orde cronolóxica, de esquerda a dereita, sobre a folla de puntuación.

Os pratos serán numerados en cada posto na orde de tiro.

Exemplo = posto nº 1

Prato nº 1, nº 2, nº 3, nº 4, dobre nº 5 e nº 6.

Exemplo = posto nº 2

Prato nº 1, nº 2, nº 3, dobre nº 4 e 5, dobre nº 6 e 7

II. ORGANIZACIÓN DAS COMPETICIÓNS

Capítulo 15 – Organización das competicións

15.1 Un campo de tiro deberá estar homologado polas federacións nacionais, para a organización de competicións nacionais, e pola federación internacional, para a organización de competicións internacionais.

15.2 Unha federación encargada da organización dun campionato internacional, que desexe organizar esta competición sobre un campo ou terreo non homologado, deberá, polo menos oito meses antes da competición, amosar a un delegado da FITASC o terreo e os detalles da organización. Se o considera necesario, a FITASC poderá impoñerlle un trazador acreditado, responsable do trazado e a organización dos percorridos.

15.3 A federación membro da FITASC poderá delegar nun dos seus Clubs a organización dunha competición. Non obstante, responderá ante a FITASC, como responsable da aplicación integral do prego de condicións que antes recibiría.

15.4 Xurado

15.4.1 As probas internacionais serán supervisadas por un xurado composto polos membros presentes da comisión técnica de Percorridos de Caza da FITASC e dun representante de cada nación participante que presente un equipo sénior.

O xurado será presidido polo representante de FITASC do país organizador.

Os membros do Comité de Dirección da FITASC son membros de dereito fóra diso aqueles que formen parte do Xurado de Apelación.

15.4.2 O Xurado toma as súas decisións por maioría dos membros presentes. En caso de igualdade de votos, a voz do Presidente ou do seu delegado é preponderante.

15.4.3 Para que unha decisión sexa válida, é necesario que se tome en presenza do Presidente do Xurado ou do seu delegado e polo menos dun cuarto dos seus membros.

15.4.4 En caso de urxencia (exemplo: risco de parar o tiro), dous membros do Xurado designados polo presidente ou o seu delegado, poden tomar unha decisión de excepción, en espera de que o Xurado ratifique posteriormente esa decisión.

15.5 Papel do Xurado

15.5.1 Os membros da Comisión Técnica e do Xurado deben controlar, antes de comezar a proba, que os campos e os trazados están conformes aos regulamentos e ao prego de condicións.

15.5.2 A federación organizadora anunciará logo da cerimonia de apertura os horarios de tiro establecidos polo Xurado.

15.5.3 O Xurado deberá supervisar durante o desenvolvemento da proba que os regulamentos e condicións de seguridade son observados.

15.5.4 O Xurado poderá igualmente controlar as armas, as municións e os pratos por medios técnicos.

15.5.5 O Xurado deberá tomar as decisións necesarias, en caso de fallos técnicos, se non foron tomadas polo xefe de árbitros.

15.5.6 O Xurado deberá examinar as reclamacións. O decidirá as sancións que serán impostas ao tirador que non cumpra os regulamentos ó compórtese de forma antideportiva.

15.5.7 O Xurado deberá asegurarse que hai sempre polo menos dous dos seus membros presentes no campo de tiro.

15.5.8 O membro do Xurado que observe unha irregularidade, non pode intervir directamente sobre os árbitros, pero debe emitir un informe do que observe ao Xurado.

15.6 Responsables dos Percorridos

15.6.1 Os días precedentes ao comezo da competición, o/os delegado/s encargado/s dos trazados dos percorridos ou Trazador/es presentará/n os trazados dos percorridos, as traxectorias que eles propoñen e o tipo dos pratos elixidos ás persoas seguintes:

- Aos membros do Xurado (denominados Responsables dos Percorridos)
- Ao xefe de árbitros da competición.

15.6.2 Estas propostas poderán modificarse co fin de estar conformes ás regras técnicas, arbitrais, de seguridade e medioambientais e, dun xeito máis xeral, ao espírito das competicións FITASC.

15.6.3 Os percorridos e trazados non serán definitivos ata logo de ser validados polos responsables dos percorridos e o xefe dos árbitros.

15.6.4 O xefe dos árbitros dará as consignas correspondentes aos árbitros en cada posto de tiro en particular.

15.6.5 As traxectorias fixadas con boa meteoroloxía (vento en calma) poderán ser modificadas tendo en conta as condicións climáticas.

15.6.6 Ningún adestramento será admitido antes do desenvolvemento das probas sobre o/os trazados establecidos polos responsables dos percorridos.

15.7 Xurado de Apelación

15.7.1 Un Xurado de apelación poderá ser constituído en cada competición internacional.

En caso de reclamación dunha decisión do Xurado polos tiradores ou pola FITASC, o Xurado de apelación poderá ser consultado.

15.7.2 Este Xurado de apelación estará composto: do presidente da FITASC ou do seu representante, do presidente da comisión técnica ou o seu representante, do presidente do país organizador ou do seu representante.

15.7.3 Este Xurado de apelación constituirase ao mesmo tempo que o Xurado de competición.

15.7.4 Se non hai constituído ningún Xurado de apelación, as decisións do Xurado de competición son definitivas e non serán susceptibles de ningún recurso

Capítulo 16 – Desenvolvemento do Campionato

16.1 Nunha competición internacional, serán tirados 200 pratos e un percorrido estará composto por 25 pratos. O Xurado pode excepcionalmente cambiar o número se iso resulta indispensable. No seu caso, os pratos non tirados serán reembolsados aos tiradores pola organización, sobre a base do prezo das series de adestramento.

16.2 O tiro efectúase por grupos (escuadras) de seis tiradores, posterior ao sorteo, con desfase dun tirador, non soamente en cada posto de tiro, senón tamén para o tiro dos dobres. No curso dunha competición internacional, na medida do posible, os membros dos equipos dunha mesma nación serán repartidos en escuadras diferentes.

O comité organizador anunciará anteriormente o horario e a composición das escuadras.

16.3 En cada posto, tódolos tiradores dunha escuadra tirarán os pratos simples, e a continuación os dobres (excepto por decisión do Xurado).

16.4 Tódalas traxectorias serán presentadas, en cada posto, ao primeiro tirador da escuadra, logo de estar colocado no posto de tiro.

16.5 Na presentación dos pratos, ningún tiro ou simulacro de tiro está autorizado, baixo pena da aplicación dos artigos 12.1 e 12.2.

16.6 Ningún prato dos "DOBRES AO TIRO" será presentado ao tirador. Só os pratos de dobres "SIMULTÁNEOS" e "REFACHO" serán presentados ao primeiro tirador de cada escuadra.

16.7 Os tiradores deben obrigatoriamente estar á hora prevista no posto de tiro. Se un tirador non está presente ao ser chamado polo seu nome, o árbitro deberá dicir o seu nome e o número de dorsal en voz alta, e repetirao tres veces no lapso de tempo dun minuto.

Se a súa quenda non pasou para os pratos simples do posto nº 1, o tirador poderá ocupar o seu lugar na súa escuadra sen penalización.

Se a súa quenda pasou para os pratos simples ou os dobres "TÓDOLOS PRATOS SIMPLES OU DOBRES QUE NON TIRE SERÁN CONTABILIZADOS COMO CERO".

Se o tirador se presenta nun dos postos seguintes "TÓDOLOS PRATOS NON TIRADOS NOS POSTOS PRECEDENTES SERÁN CONTADOS CERO". En ningún caso, o tirador poderá realizar o percorrido dos pratos non tirados noutra escuadra.

16.8 Se o tirador estima que o motivo o seu atraso é xustificable e alleo á súa vontade, o tirador debe:

- a) Non incorporarse á súa escuadra durante esa serie.
- b) Consultar ao Xurado por escrito.
- c) Aceptar a decisión do Xurado.
- d) Completar a serie con outra escuadra si o Xurado o autoriza.

Si o Xurado estima que a razón exposta polo tirador non é aceptable, este será penalizado con 25 ceros por cada percorrido que non tire.

16.9 En caso de mal funcionamento das máquinas ou dunha interrupción do tiro de máis de 10 minutos, o árbitro deberá presentar os pratos do posto aos tiradores.

16.10 No curso das competicións internacionais, os resultados son rexistrados polo árbitro ou polo seu delegado, que pode ser un tirador. Os resultados de cada serie serán expostos nun taboleiro central.

16.11 Á saída de cada posto, o tirador deberá verificar o seu resultado na folla de puntuación. Si o tirador "CONTRADI" o resultado rexistrado, O TIRADOR DEBE FACERLLO SABER INMEDIATAMENTE AO ÁRBITRO, PERO A DECISIÓN DEFINITIVA SÓ A DARÁ ESTE ÚLTIMO.

Non obstante, o árbitro poderá informarse e pedir consello (artigo 9.5.2) antes de tomar a decisión definitiva. NINGUNHA RECLAMACIÓN PODERÁ SER ADMITIDA LOGO DESTA ETAPA DE REFLEXIÓN.

Capítulo 17 – Vestimenta

17.1 A vestimenta do participante nunha competición debe ser correcta. Os pantalóns curtos están prohibidos, só os pantalóns (do tipo *bermuda* cun máximo de 5 cm. por encima do xeonllo) están autorizados. As camisas deben ter como mínimo mangas curtas cun pescozo. Se non ten pescozo, a peza debe estar como mínimo a ras do pescozo (como nunha camisa). O emprego de sandalias está prohibido por razóns de seguridade. O dorsal do tirador debe estar fixado sobre as costas e poder verse na súa totalidade. Todo incumprimento destas regras será sancionado cunha PRIMEIRA ADVERTENCIA DO ÁRBITRO. Se o tirador non corrixe o seu comportamento, as sancións poden chegar ata a exclusión da competición, por decisión do xurado.

Na cerimonia de apertura, durante a presentación dos equipos nacionais, os seus membros deben equiparse ou ben coa vestimenta do seu equipo nacional ou ben cun pantalón de vestir e chaqueta tipo *blazer*.

Na cerimonia de clausura, todos os tiradores premiados deberán presentarse para recoller os seus premios ou ben coa vestimenta do seu equipo nacional ou ben cun pantalón de vestir e unha chaqueta tipo *blazer*.

Capítulo 18 – Desempates

18.1 En caso de desempate para os tres primeiros postos individuais, establecerase un novo trazado polo Xurado (si se dispón de suficiente tempo para organizar o desempate).

18.2 Os tiradores seguintes que fagan o mesmo resultado serán clasificados como *ex aequo*, e listados en orde descendente comezando polo campo nº 8 ao nº 1.

18.3 Os desempates serán realizados a unha serie de 25 pratos. Si os tiradores non puidesen desempatar, tirarán unha segunda serie. Esta serie tirarase ao primeiro cero eliminatorio (principio da morte súbita). O vencedor é o tirador que quede cando tódolos seus oponentes sexan eliminados. En caso de igualdade, e soamente nun desempate, (onde se aplica o principio de morte súbita), o dobre ao tiro será considerado como unha unidade de 2 pratos, sen ter en conta a posición do prato cero, que o dobre sexa «BO e CERO» ou «CERO e BO».

18.4 O tiro será efectuado de acordo coas regras precedentes, as prazas baleiras non serán cubertas.

18.5 Cando o desempate non se efectúe nun momento previsto de antemán, os tiradores afectados deberán permanecer en contacto co Xurado, co fin de estar listos para desempatar en menos de «QUINCE MINUTOS» despois de que se lles comunicara.

Os tiradores ausentes no momento do desempate serán declarados como retirados.

18.6 O Xurado poderá decidir que os desempates, por razóns de forza maior, sexan aprazados ao día seguinte. Os tiradores ausentes, neste caso, serán considerados como retirados.

18.7 Para a clasificación de equipos, os equipos empatados serán clasificados en orde descendente dos percorridos do campo nº 8 ao nº 1.

O presente Regulamento foi aprobado pola Asemblea, celebrada en Santiago de Compostela o 27 de decembro de 2013.

LÉXICO

ESCUADRA DE TIRO: Conxunto de 6 tiradores como máximo, que foron elixidos nun sorteo, e tiran ao mesmo tempo nas mesmas instalacións.

SERIE: Unha serie comprende 25 pratos tirados sobre un mesmo percorrido ou unha mesma liña.

MÁQUINA LANZADORA: Máquina ou aparello de lanzar pratos.

GOLPE: Corresponde ao tiro dun cartucho.

PRATO: Ver artigo 2.3.

TRAXECTORIA: Liña imaxinaria seguida no espazo por un prato.

PERCORRIDO OU LIÑA DE TIRO: Conxunto de postos de tiro que compoñen unha serie de 25 pratos.

POSTO DE TIRO: Emprazamento de tiro limitado por un círculo ó un cadrado

BO: Prato roto conforme ao regulamento.

CERO: Prato fallado conforme ao regulamento.

TRAZADOR: Acode encargada do trazado dos percorridos.

NON BIRD: Prato ou traxectoria irregular conforme ao regulamento



Federación Galega



XUNTA DE GALICIA

DEPORTE



"A Caza, unha actividade física saudable en plena natureza"

Reglamento Internacional de Recorridos de Caza

Actualizado 01-Ene-2013

FEDERACIÓN INTERNACIONAL DE TIRO CON ARMAS DEPORTIVAS DE CAZA																												
Campeonato _____ de Recorridos de Caza. ____ de _____ de 201__																												
Campo Nº: _____ Serie Nº: _____ Árbitro: 1 _____ 2 _____ 3 _____ 4 _____																												
D o r	Nombre	Cat.	Platos																								Total	
			25	24	23	22	21	20	19	18	17	16	15	14	13	12	11	10	9	8	7	6	5	4	3	2		1